

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

EXTRACTO da Resolución do 31 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para a creación e posta en marcha de unidades mixtas de investigación aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificadas na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN853A).

BDNS (Identif.): 496487.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Agrupacións entre un organismo de investigación de Galicia e unha empresa (excepcionalmente dúas), nos termos previstos no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que teñan constituída unha unidade mixta de investigación para o desenvolvemento de forma conxunta e coordinada de actividades de I+D+i. Estas unidades mixtas deberán ter un orzamento mínimo elixible de 2 millóns de euros para o período 2020-2023.

No marco desta resolución consideraranse organismos de investigación:

- Os centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia.
- As universidades do Sistema universitario galego.
- Os centros en Galicia do Consello Superior de Investigacións Científicas.
- Os centros en Galicia do Instituto Español de Oceanografía.
- As fundacións de investigación sanitaria de Galicia.



– Outros organismos de investigación de Galicia que teñan definida nos seus estatutos a I+D como actividade principal.

As empresas integrantes das unidades mixtas de investigación poderán ser pequenas, medianas e grandes, segundo as definicións do anexo I do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE núm. 187, do 26 de xuño de 2014).

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas cales se rexerá a concesión das axudas da Axencia Galega de Innovación para a creación e posta en marcha de unidades mixtas de investigación.

Así mesmo, por medio desta resolución, convócanse estas axudas para o ano 2020 en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva (código de procedemento IN853A), axustándose as axudas concedidas no marco da presente resolución ao establecido no Regulamento (UE) 651/2014.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Contía*

O importe total da convocatoria é 3.000.000,00 euros coa seguinte distribución por anos:

Ano 2020 (€)	Ano 2021 (€)	Ano 2022 (€)	Ano 2023 (€)	Total (€)
450.000,00	1.025.000,00	1.025.000,00	500.000,00	3.000.000,00

As axudas reguladas nesta resolución estarán cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020: eixe 1 Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, prioridade de investimento 1.2 Fomento do investimento empresarial en I+i, o desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular mediante o fomento do investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público,



o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente, e mediante o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes, obxectivo específico 1.2.3 Fomento e xeración de coñecemento de fronteira e de coñecemento orientado aos retos da sociedade, desenvolvemento de tecnoloxías emerxentes, e actuación CPSO 1.2.3.2. Actividades de investigación e innovación para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos público-privados: centros mixtos de I+D+i.

Intensidade das axudas: 30 % do orzamento da unidade mixta considerable subvencionable, cun máximo de 1.500.000,00 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación no DOG e, se é inhábil, o primeiro día hábil seguinte.

Outros datos.

Poderase anticipar ata o 50 % do importe da subvención concedida para cada anualidade.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2019

A directora da Axencia Galega de Innovación
P.A. (Resolución do 16.6.2014 da Presidencia da Axencia;
DOG núm. 127, do 7 de xullo)
Benito Fernández Rodríguez
Director da Área de Xestión

CVE-DOG: c3fuqbp8-5k78-4cc1-jwh8-de4jnodljkf8

